



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 30 DE MARZO DE 2006.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE

Concelleiros/as:

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA
SEBIO (BNG)

D^a LUISA DEL CARMEN
ESCUADERO CENTRÓN (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D^a MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA
(PP)

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día TRINTA de MARZO de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Patricia Hernández Estévez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Secretario Xeral:

Patricia Hernández Estévez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

Con carácter previo ao exame dos puntos que conforman a orde do día, o Sr. Alcalde-Presidente pide aos membros da Corporación que sexan concretos posto que a orde do día é amplía.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 13 DE MARZO PASADO (EXTRAORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 13 de Marzo de 2006, ao que se lle resposta que non, quedando aprobada por unanimidade.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 27 de febreiro , dúas, unha sobre materia de asuntos fiscais (IBI) e outra sobre aboamentos.

Do 1 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 2 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 3 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 6 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 7 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 8 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 9 de marzo, dúas, sobre aboamentos.

Do 10 de marzo, tres, unha sobre Convocatoria a Xunta de Goberno Local e dúas sobre aboamentos

Do 13 de marzo, tres, unha sobre aboamentos, outra en materia de obras e outra sobre interposición de Recurso contencioso administrativo.

Do 14 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de marzo, dúas, unha en materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre aboamentos.

Do 17 de marzo, sete, unha sobre Convocatoria a Xunta de Goberno Local, outra sobre Decreto de retirada de vehículos, outra sobre resolución de expediente destinado ao restablecemento da legalidade urbanística e catro sobre Convocatoria a Xuntanza de Comisión Informativa (Contas e Facenda, Urbanismo, Servizos Municipais, Obras Publicas e Infraestruturas).

Do 20 de marzo, dúas, sobre Convocatoria a Xuntanza de Comisión Informativa (Servizos Sociais, Cultura e Educación).

Do 21 de marzo, tres, unha sobre revogación dunha resolución de data 09.02.06, outra en materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre aboamentos.

Do 22 de marzo, unha, sobre Convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 23 de marzo, unha, sobre delegación das funcións propias desta Alcaldía e a Presidencia da Xunta de Goberno Local no 1º tenente de alcalde D. Francisco Xabier Carreira Sebio.

Do 24 de marzo, unha, sobre Convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 27 de marzo, unha, sobre Convocatoria a Pleno.

3.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2006, AS SÚAS BASES DE EXECUCIÓN E CADRO DE PERSOAL.

O Presidente da paso a lectura polo Secretario do ditame da Comisión especial de Contas e informativa de facenda, que literalmente di:

De seguido procédese á votación, quedando ditaminado favorablemente, cos votos a prol dos membros dos grupos municipais do PSOE e BNG, e reservando o seu voto para o Pleno os membros do grupo municipal do PP, o seguinte acordo:

“Primeiro.- A aprobación do Orzamento Xeral para ano 2006, cun importe de 4.367.500,13 euros en ingresos e de 4.367.500,13 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e o cadro de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.

Segundo.- A exposición ao público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do RD Lex. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coidarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 153 da repetida Lei; noutro caso, procederase de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.-

Terceiro.- Que de conformidade co nº 4 do mesmo artigo se remita copia do referido Orzamento Xeral á Administración do Estado e mesmo á Comunidade Autónoma.”

O Presidente abre o debate, tomando a palabra en primeiro lugar o portavoz do grupo municipal do BNG, don Francisco Xabier Carreira Sebio, que sinala que nos orzamentos recóllense as previsións dos novos servizos que se van asumir, así como as inversións, que sempre son poucas debido a economía do Concello, se ben, virán outras inversións por parte de outras administracións. Os orzamentos acomódanse á realidade económica que existe no Concello. Sinala o aumento de persoal, que suporá un aumento da capacidade municipal para unha mellor xestión dos servizos; a subida ao persoal laboral, en algo máis do que marca a lei; a mellora nas condicións dos contratos de determinados traballadores. Conclúe dicindo que hoxe a situación económica mellorou, o que permite xestionar algunha inversión a maiores, a parte das que non se atopan recollidas e que chegarán nos próximos meses, xunto cos fondos que veñen de programas europeos, a entrada nalgún proxecto máis, o que suporá a suma de inversións de outras administracións cando exista o compromiso. Explica que o retraso na aprobación do orzamento xeral debeuse a toma de decisión da saída da Mancomunidade, cuxas repercusións queríanse recoller nos novos orzamentos.

Toma a palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, don Secundino Rodríguez Gómez, quen actúa como portavoz nesta quenda, para sinalar que como diría o Concelleiro de facenda: “os orzamentos do 2006 están nivelados”, se ben, os préstamos a longo e curto prazo ascenden case ao total do orzamento do 2006, posto que se o orzamento ascende a 4.367.000 euros, as débedas ascenden a tres millóns de euros, ao que se suma os leasings solicitados, o novo préstamo que ven no orzamento que supón preto de corenta millóns de pesetas. Explica que os gastos non se corresponden cos liquidados en exercicios anteriores, senón que do que se trata é de nivelar. Enumera a subida de determinados gastos correntes, como o combustible, se ben, o gasto telefónico non ascende. Apunta o incremento do gasto cultural en 14.000 euros, pero aclara que as achegas para a Mostra da Xunta e do INAEM non ascenden, o que demostra a “boa” xestión levada a cabo polo grupo de goberno. Dótase a contía de 90.000 euros para o servizo de recollida de lixo, e gustaríalle saber cal é a empresa que vai levar o servizo. O Interventor sinala no seu informe unha serie de medidas para mellorar a xestión económica, como son a maior austeridade no gasto corrente, potenciar a xestión de ingresos, medidas para financiar os servizos deficitarios, unha maior adecuación nos procedementos de gastos, entre outras, se ben, o que se fai a pesar de ditas recomendacións é concertar novos préstamos, este ano un que supón corenta millóns de pesetas, lévanse dous anos renovando as operacións de tesourería, ao que se suma que os provedores e acredores do Concello e Ribadavia teñen dificultades para cobrar as súas facturas. Polo que se refire aos ingresos, establécense unhas estimacións de subida tanto nos impostos (IBI, IVTM), coma nas taxas (lixo, ocupación vía pública, bados), polo que non entende que en tres anos de goberno non se actualizasen os padróns das taxas e suban as dotacións, pois o lóxico sería esperar a levar a cabo a actualización para saber o que se ingresa. Recorda de novo as medidas suxeridas no informe do Interventor, e conclúe sinalando que estas restricións que fai o técnico levan a supor que se presenta un orzamento para cubrir un expediente, posto que as dotacións carecen de base e so están para nivelar o orzamento.

Toma a palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, don Javier Iglesias Sendín, quen actúa de portavoz, para aclarar que a subida en cultura é de 15.000 euros e desglosa as diferentes actividades co seu importe. Sinala que se trata dun orzamento que se adapta as necesidades que hoxe ten o Concello, e explica que no informe de intervención tamén se recomenda unha subida dos impostos, o que xa se sinalaba no

último orzamento que se aprobou coa oposición. O que se busca é un equilibrio económico e tratar a todos por igual nas taxas. En relación a subida do IBI, trátanse de estimacións que se poden cumprir ou non. Aclara que a empresa que vai prestar o servizo de lixo, tal e como xa lle consta á oposición, é CONGALLE, e a mellora notoria dos servizos. Polo que atinxe a carga financeira, hoxe, tal e como se sinala no informe do interventor, hai unha carga de aproximadamente un 10%, e no último orzamento dita carga era de aproximadamente o 14%, o que supón un índice de que a economía municipal mellora. En relación aos préstamos, sinala que ao acabar a lexislatura a débeda será menor que cando se recibiu. Sinala que a concertación do crédito foi para corrixir o Remanente negativo de Tesourería. Os servizos van mellorar, e elo porque o Concello comprométese cada vez máis coa creación de persoal, aumento da dotación da brigada, ... se ben, hai un lastre en tres servizos, que son servizos necesarios pois van destinados á cultura e ao deporte. Conclúe que se trata dun orzamento realista e que cada vez se acerca máis a realidade do Concello, proba desto é a redución da partida de débeda da Mancomunidade.

Polo portavoz do grupo municipal do PP, don Celso Sotelo Barroso, pídese ao presidente unha terceira quenda ao tratarse do punto máis importante da orde do día.

O Presidente accede a dita petición pero pedindo que as intervencións sexan concretas.

Ábrese a segunda quenda tomando a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, don Francisco Xabier Carreira Sebio, quen manifesta que se sinte “pai” dos orzamentos pois estiveron debaténdose durante meses. Sinala que a operación de tesourería supón un lastre, e dende o punto de vista legal non é correcto “*strictu sensu*”, tal e como recorda o Interventor no seu informe, pero durante estes anos non foi posible asumilo como préstamo a longo prazo. Aclara que o préstamo devolverase, e sinala que se aumenta a carga financeira e se piden préstamos, e cando a proposta do interventor é incrementar os impostos e se propón, a oposición maniféstase contraria. Recoñece o retraso na actualización do Padrón dos bados pero todos os demais atópanse actualizados. Explica que a recollida de lixo vaina levar unha empresa privada pero a intención é que leve o servizo o Concello. Sinala o esforzo que se fixo durante este ano na xestión dos impostos, xa que se cobraron en executiva as débedas e se actualizaron padróns e se incrementaron impostos. Polo que atinxe á Mancomunidade cumprírase coas obrigas pero de acordo co que fixa a lei e dende unhas contas ben feitas.

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do PP, don Secundino Rodríguez Gómez, que reitera que os orzamentos que se presentan son para cubrir un expediente. Sinala que tras o exame do documentos, con referencia ao persoal, aos funcionarios so se recoñece a subida que marca a lei, ao persoal laboral un 1,5 % máis do que marca a lei e trienios a aqueles próximos a xubilación, non se deu ningún paso en relación ao Convenio Colectivo e foron escasas as negociacións co persoal durante estes tres anos de mandato. Pregunta onde están os principios de igualdade a hora de acceder aos postos de traballo, nas adxudicacións de obras, nos servizos, en todo elo demóstrase a “boa” xestión do grupo de goberno. No que se refire as inversións, tres anos con comisións informativas retribuídas a noventa euros e na comisión de obras coas mesmas ordes do día durante os tres anos. Sinala onde están as grandes inversións, pois no orzamento as que se recollen son instalacións de marquesiñas, mellora de alumeadado público,... Pregunta onde están os terreos adquiridos para a ubicación do ambulatorio e

da residencia de anciáns, pois lévase dotando durante tres anos a partida para adquisicións de terreos. Reitera o incremento da débeda financeira cos tres préstamos, os dous leasings concertados, e conclúe dicindo onde está o desenrolo comercial e empresarial de Ribadavia que se prometía.

O Portavoz do grupo municipal do PSOE, don Javier Iglesias Sendín, aclara que respecto ao persoal, o ano pasado recoñeceu unha subida ao persoal do GRUMIR, e no que atinxe aos trienios, aclara que os trienios recoñécense pola lei aos funcionarios e non se contemplan para o persoal laboral, polo que supón un recoñecemento que se fai dende o Concello. Tamén sinala as axudas a mozos/as para alugar no casco histórico, e para as empresas de nova creación, así coma a subida das inversións nun millón de euros, a mellora no alumeado da praza maior e do casco histórico, ... Aclara que o crédito solicitado foi para corrixir o Remanente de Tesourería negativo, o que limita a capacidade de inversión. Destaca os pasos dados fronte a Recadación, onde se están embargando contas. Conclúe dicindo que se trata de axustar ao máximo as arcas municipais, e non se endebeda máis o Concello do que xa estaba.

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, na súa terceira quenda, para sinalar que os principios de igualdade no acceso aos postos plásmanse nas bases de contratación que se lle impuxeron á oposición cando estaba no grupo de goberno. No que se refire á adxudicación de obras, hai un tribunal e un baremo para as ofertas, facendo a adxudicación a proposta máis vantaxosa para o Concello segundo o informe dos técnicos. Á Mancomunidade pagarase pero o que o Concello entende que lle corresponde pagar. Destaca as decisións que se adoptaron de subida de impostos para compensar servizos e de cobrar en vía executiva para mellorar a recadación. Aclara que é verdade que existen servizos deficitarios como o do conservatorio e o de deportes, pero inténtase a nivelación nos mesmos. Conclúe dicindo que non son os orzamentos que lles gustaría facer, xa que o preferible sería ter un orzamento cunha economía saneada, pero o que se busca é acadar ese saneamento coa mellora da economía e os ingresos doutras administracións e prestar uns servizos máis compensados. Polo que se refire a operación de tesourería converterase en débeda a longo prazo cando a economía do Concello o permita.

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do PP, don Celso Sotelo Barroso, quen aclara que as bases de persoal foron aprobadas por unanimidade da Corporación, e claro que o remanente de tesourería negativo se herda pero tamén o herdaron eles e herdarase no futuro. Trátase de xestionar e presentar proxecto cribles. A Corporación anterior tamén fixo cobros en vía executiva e embargou contas, pero a recadación en vía executiva non funcionaba ben, e así se manifestou polo seu grupo. Tamén se subiron impostos, os que se tiñan que subir. Manifesta que a subida ao GRUMIR fíxose porque era o xusto, pero subiuse a mesma cantidade cando había persoas que cobraban máis que outras. Sinala que durante oito anos dende a oposición reclamouse polo agora grupo de goberno, o convenio colectivo, e en base a ditas demandas fixéronse algúns recoñecementos, pero pensábase que co novo grupo de goberno, máis sensible ante os temas sociais, se ía facer máis do que se fixo na área de persoal. Reitera as poucas inversións que se recollen no orzamento, e aclara que no informe de intervención non se di que se soban os impostos senón tamén que se reduza o gasto. Aclara que o que se recolle para gastos como reparación de alumeado público non é suficiente, pois recóllese a mesma contía que o ano pasado e non se ten en conta a subida do IPC. Conclúe sinalando a necesidade de aumentar a plantilla da policía local e dun arquitecto

municipal para atender os problemas urbanísticos, algo que non se recolle nos orzamentos coa creación e dotación das correspondente prazas.

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do PSOE, don Javier Iglesias Sendín para recalcar que dende o grupo de goberno se está desenrolando unha boa xestión, e pon como exemplo o logro do Convenio para a inversión e mellora da rúa Ribeiro. Aclara que na partida de electricidade recóllese a mesma cantidade, posto que o ano pasado meteuse nunha mesma partida as inversións e as reparacións e cambios de alumeadado, e este ano diferéncianse. Sinala que cando se acabe a lexislatura a débeda viva do Concello será inferior á do ano 2003, pois o coeficiente cando entraron era de 14,49 e agora é de 10,90. Conclúe dicindo que a economía debedora do Concello vai mellorando e espera que a Corporación que suceda a presente sega con ese criterio.

Por último, antes de proceder á votación, o Alcalde-Presidente fai unha serie de aclaracións en relación ao que cobran os membros da corporación, enumera as inversións que están por vir (Banda La Lira, Museo do Viño, Castelo, Rúa Ribeiro, os quíntos millóns de pesetas da Confederación, o ambulatorio, ...), e sinala que a tranquilidade e seguridade é agora máis alta que antes, xa que existe unha boa coordinación entre a Garda Civil e a policía local, e dende a policía local fanse gardas mañá e tarde por parellas. Conclúe que en ano e medio de goberno lograronse ingresos para as arcas municipais que poñen de manifesto unha boa xestión.

De seguido dáse paso a votación, quedando aprobado por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSOE (5 votos) e do BNG (2 votos), e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6 votos), o seguinte acordo:

“Primeiro.- A aprobación do Orzamento Xeral para ano 2006, cun importe de 4.367.500,13 euros en ingresos e de 4.367.500,13 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e o cadro de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.

Segundo.- A exposición ao público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do RD Lex. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coídarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 153 da repetida Lei; noutro caso, procederase de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.-

Terceiro.- Que de conformidade co nº 4 do mesmo artigo se remita copia do referido Orzamento Xeral á Administración do Estado e mesmo á Comunidade Autónoma..”

4.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DAS SEGUINTEs ORDENANZAS FISCAIS:

-ORDENANZA NÚM. 11, DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

-ORDENANZA NÚM. 26, DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS DE CALQUERA CLASE.

-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓNS DE RUÍNAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.

Polo Presidente dáse paso ao Secretario que procede a lectura do ditame da Comisión especial de contas e informativa de facenda, que literalmente di:

“De seguido procédese á votación, quedando ditaminado favorablemente, cos votos a prol dos membros dos grupos municipais do PSOE e BNG, e reservando o seu voto para o Pleno os membros do grupo municipal do PP, o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación das Ordenanzas fiscais que se relacionan de seguido e que se achán no expediente:

Ordenanza núm. 11, da Taxa pola Subministración de auga.

Ordenanza núm. 26, da Taxa pola prestación dos Servizos Municipais de vertido de augas residuais de calquera clase.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construción, salvamentos e outros análogos.

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 17.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, os presentes Acordo teñen o carácter provisional, así coma o texto das Ordenanzas fiscais anexas ós mesmos, e expoñeranse ó público no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante un período de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio de exposición.

Durante o período de exposición pública das Ordenanzas os que tiveran un interese directo, nos termos que prevé o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen que se presentaren reclamacións, os acordos adoptados quedarán elevados a definitivos.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda que se adopten, así coma o texto das Ordenanzas, cuxa publicación conterá o texto completo das mesmas.”

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, don Francisco Xabier Carreira Sebío, quen sinala que se sube o IPC, algo que ven motivado para nivelar os servizos, pois se lle recoñeceu a empresa privada que leva o servizo municipal de augas, en base aos pregos, a suba anual e é necesario subir o IPC para manter nivelado o servizo en ingresos e gastos. Polo que atinxe a subida na taxa de prevención de lumes non ten grande incidencia pois se cobra as compañías de seguros. Conclúe manifestando que espera que a oposición vote a favor.

O Concelleiro do PP, don Secundino Rodríguez Gómez abandona o salón de plenos ás nove e cincuenta.

O Portavoz do PP, don Celso Sotelo Barroso na súa intervención sinala que o prego recoñece que se pode subir o IPC e é o goberno o que ten a posibilidade de subilo ou non. Conclúe dicindo que cando o seu grupo estaba no goberno considerouse que a situación económica da vila non estaba para a suba dos impostos, e se soben agora é porque o goberno quere.

As nove e cincuenta e tres regresa ao salón de plenos o concelleiro do PP, don Secundino Rodríguez.

Intervén o Portavoz do grupo municipal do PSOE, don Javier Iglesias Sendín, para sinalar que a última liquidación do servizo de augas foi de 775,68 euros a favor do Concello, polo que se a empresa se lle reconece a suba anual e non se soben as taxas créase un servizo deficitario. Conclúe sinalando que se trata dunha suba moderada que supón 0,60 euros por trimestre e corenta euros ao ano, algo que entende que unha unidade familiar pode asumir dende o punto de vista económico.

Polo Portavoz do grupo municipal do BNG sinálase que considera unha irresponsabilidade dicir que a economía dos veciños está mal para non subir a taxa cando o Concello ten o déficit que ten, e por 0,60 euros ao trimestre non se acaba cunha economía familiar nin se cerra un negocio.

O Portavoz do grupo municipal do PP critica que non so se soben as taxas, senón que tamén se crearon outras como a que regula a expedición de documentos (certificados, informes urbanísticos,...).

O Portavoz do grupo municipal do PSOE conclúe sinalando que a auga é un ben escaso e a situación económica familiar non se vai resentir por pagar 0,60 euros ao trimestre.

Antes da votación, toma a palabra o Presidente para aclarar que a situación do comercio non empeorou e sinala os locais comerciais que abriron.

De seguido dáse paso a votación, quedando aprobado por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSOE (5 votos) e do BNG (2 votos), e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6 votos), o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a modificación das Ordenanzas fiscais que se relacionan de seguido e que se achan no expediente:

Ordenanza núm. 11, da Taxa pola Subministración de auga.

Ordenanza núm. 26, da Taxa pola prestación dos Servizos Municipais de vertido de augas residuais de calquera clase.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construción, salvamentos e outros análogos.

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 17.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, os presentes Acordo teñen o carácter provisional, así coma o texto das Ordenanzas fiscais anexas ós mesmos, e expoñeranse ó público no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante un período de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio de exposición.

Durante o período de exposición pública das Ordenanzas os que tiveran un interese directo, nos termos que prevé o artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2004,

polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen que se presentaren reclamacións, os acordos adoptados quedarán elevados a definitivos.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda que se adopten, así coma o texto das Ordenanzas, cuxa publicación conterá o texto completo das mesmas.”

5.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 4 E 6 DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 7, REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO.

Polo Presidente dáse paso ao Secretario que procede a lectura do ditame da Comisión especial de contas e informativa de facenda, que literalmente di:

“De seguido procédese á votación, quedando ditaminado favorablemente, cos votos a prol dos membros dos grupos municipais do PSOE e BNG, e reservando o seu voto para o Pleno os membros do grupo municipal do PP, o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente para o exercicio 2006 a modificación da ordenanza fiscal reguladora da Taxa de recollida de Lixo, no senso seguinte:

MODIFICAR os seguintes artigos a Ordenanza, os cales quedarán do seguinte xeito:

"Artigo 4.-

1.- A obriga de contribuír nace da prestación do servizo, por te-la condición de obriga e , en xeral, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona que cubra a organización do servizo.

2.- Considerarase eximente ó pagamento da presente taxa as vivendas valeiras e que acrediten mediante certificados das empresas subministradoras que non dispoñen de servizos de luz e auga.

Artigo 6.- Engadir o seguinte parágrafo:

h) Locais ubicados na Praza de Abastos:

- Actividade que ocupe un posto: 40 euros/ano.*
- Actividade que ocupe dous postos: 60 euros/ano.*
- Actividade que ocupe tres ou máis postos: 70 euros/ano.*

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor unha vez publicada no "B.O.P." e transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación có 65.2 da Lei 7/1985, do 2 e abril, Reguladora das Bases do Réxime Local".

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 17.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, o presente Acordo ten o carácter provisional, así coma o texto da Ordenanza fiscal anexa ó mesmo, e expoñeranse ó público no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante un período de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio de exposición.

Durante o período de exposición pública da Ordenanza o que tiveran un interese directo, nos termos que prevé o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderán examinar o expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen que se presentaren reclamacións, os acordos adoptados quedarán elevados a definitivos.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda que se adopten, así coma o texto das Ordenanzas, cuxa publicación conterá o texto completo das mesmas.”

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG para manifestar as súas dúbidas respecto as casas valeiras que non van a pagar a taxa, pero si se poñen cautelas non haberá problema. Polo que atinxe a modificación da praza de abastos entende que é razoable. Declara que o seu grupo cambiará a súa postura se a exención das casas valeiras non resulta.

O Portavoz do grupo municipal do PP, don Celso Sotelo Barroso, manifesta que a previsión da praza de abastos é xusta e razoable, pero manifesta que o seu grupo absterase na votación xa que considera que a votación debe ser por separado e non meter no mesmo paquete a regulación da exención das casas valeiras e a da praza de abastos.

O Portavoz do grupo municipal do PSOE, don Javier Iglesias Sendín, pon de manifesto que a regulación que se fai dos postos da praza de abastos é xusto e pretende potenciala, e da exención das casas valeiras levarase un control.

De seguido dáse paso a votación, quedando aprobado por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSOE (5 votos) e do BNG (2 votos), e a abstención dos membros do grupo municipal do PP (6 votos), o seguinte acordo:

“ Primeiro.- Aprobar provisionalmente para o exercicio 2006 a modificación da ordenanza fiscal reguladora da Taxa de recollida de Lixo, no senso seguinte:

MODIFICAR os seguintes artigos a Ordenanza, os cales quedarán do seguinte xeito:

"Artigo 4.-

1.- A obriga de contribuír nace da prestación do servizo, por te-la condición de obriga e , en xeral, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona que cubra a organización do servizo.

2.- Considerarase eximente ó pagamento da presente taxa as vivendas valeiras e que acrediten mediante certificados das empresas subministradoras que non dispoñen de servizos de luz e auga.

Artigo 6.- Engadir o seguinte parágrafo:

h) Locais ubicados na Praza de Abastos:

- Actividade que ocupe un posto: 40 euros/ano.***
- Actividade que ocupe dous postos: 60 euros/ano.***
- Actividade que ocupe tres ou máis postos: 70 euros/ano.***

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor unha vez publicada no "B.O.P." e transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación có 65.2 da Lei 7/1985, do 2 e abril, Reguladora das Bases do Réxime Local".

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 17.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, o presente Acordo ten o carácter provisional, así coma o texto da Ordenanza fiscal anexa ó mesmo, e expoñeranse ó público no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante un período de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio de exposición.

Durante o período de exposición pública da Ordenanza o que tiveran un interese directo, nos termos que prevé o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderán examinar o expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen que se presentaren reclamacións, os acordos adoptados quedarán elevados a definitivos.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda que se adopten, así coma o texto das Ordenanzas, cuxa publicación conterà o texto completo das mesmas."

6.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

Polo Presidente dáse paso ao Secretario que procede a lectura do ditame da Comisión informativa de servizos sociais, que literalmente di:

De seguido procédese a votación quedando ditaminado favorablemente, cos votos en prol dos membros dos grupos municipais do PSOE e do BNG, reservando o seu voto para o Pleno os membros do grupo municipal do PP, o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- A aprobación inicial do Regulamento do servizo de axuda a domicilio.

SEGUNDO.- A exposición pública de dito acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello para a presentación de reclamacións polos interesados nos trinta días a partir da publicación no diario oficial da provincia. No suposto de non presentarse reclamacións ou alegacións, o mesmo quedará aprobado definitivamente sen necesidade dun novo acordo plenario."

As dez e cuarto o portavoz do grupo municipal do PP, don Celso Sotelo Barroso, abandona o salón de plenos, regresando as dez e dezasete e antes de iniciarse a votación.

Polo Presidente pregúntase se quere abrirse unha quenda, ao que se lle resposta que non.

De seguido dáse paso a votación, quedando aprobado por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSOE (5 votos) e do BNG (2

votos), e a abstención dos membros do grupo municipal do PP (6 votos), o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- A aprobación inicial do Regulamento do servizo de axuda a domicilio.

SEGUNDO.- A exposición pública de dito acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello para a presentación de reclamacións polos interesados nos trinta días a partir da publicación no diario oficial da provincia. No suposto de non presentarse reclamacións ou alegacións, o mesmo quedará aprobado definitivamente sen necesidade dun novo acordo plenario.”

7.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIBADAVIA AO ACORDO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A FEMP E A AETIC PARA O DESPREGUE DAS INFRAESTRUTURAS DE REDES DE RADIOCOMUNICACIÓN, E AO CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS PARA A INSTALACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE TELEFONÍA MÓBIL.

Polo Presidente dáse paso ao Secretario que procede a lectura do ditame da Comisión informativa de servizos municipais, que literalmente di:

“De seguido pásase a votación quedando ditaminado favorablemente por unanimidade o seguinte acordo:

A adhesión do Concello de Ribadavia ao Acordo de Colaboración suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnoloxías da Información e Telecomunicacións de España (AETIC) para o despregue das Infraestruturas de Redes de Radiocomunicación, firmado o 14 de xuño de 2005, e ó Código de Boas Prácticas para a instalación de Infraestruturas de Telefonía Móbil, elaborado pola FEMP e AETIC e aprobado pola Comisión Executiva da FEMP o 13 de Decembro de 2005, así como o noso compromiso de cumprimento.”

O Presidente pregunta si se quere abrir unha quenda ao que se lle resposta que non.

De seguido dáse paso a votación, quedando aprobado por unanimidade dos membros de todos os grupos municipais da Corporación, o seguinte acordo:

“A adhesión do Concello de Ribadavia ao Acordo de Colaboración suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnoloxías da Información e Telecomunicacións de España (AETIC) para o despregue das Infraestruturas de Redes de Radiocomunicación, firmado o 14 de xuño de 2005, e ó Código de Boas Prácticas para a instalación de Infraestruturas de Telefonía Móbil, elaborado pola FEMP e AETIC e aprobado pola Comisión Executiva da FEMP o 13 de Decembro de 2005, así como o noso compromiso de cumprimento.”

8.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Polo Alcalde- Presidente preséntase a seguintes Moción de urxencia, procedendo a lectura da mesma o Secretario e que literalmente di:

“MOCION DA ALCALDIA

Ante a recente adopción do acordo de abandono da Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro polo Concello de Ribadavia, na sesión plenaria de data 13 de marzo de 2006, e ante a necesidade de regulamentar e implantar os servizos que ata agora se viñan prestando en réxime mancomunado, entre eles o servizo de axuda a domicilio.

Ante a necesidade de aprobar un Regulamento que rexa o servizo de axuda a domicilio, do que se trae o correspondente ditame sobre a aprobación inicial do mesmo para a adopción do acordo plenario.

Tendo en conta que o servizo ten un custo e que o prezo do mesmo debe regularse e rexerse pola correspondente ordenanza.

Por esta Alcaldía en virtude dos artigos 97.3 e 91.4 do RD 2568/1986, preséntase a seguinte MOCIÓN:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da ordenanza reguladora dos prezos públicos por a prestación do servizo de axuda no fogar.

SEGUNDO.- Exposición pública de dita Ordenanza aos efectos de reclamacións mediante a súa publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello establecendo un prazo de trinta días a partir da publicación no diario oficial da provincia. Ribadavia, 29 de marzo de 2006.”

Polo Alcalde-Presidente procédese a xustificar a urxencia en base a saída inminente da Mancomunidade e a necesidade a aprobar unha ordenanza que regule os prezos a cobrar pola prestación do servizo.

O Portavoz do grupo municipal do PP, don Celso Sotelo Barroso, anuncia a abstención na votación posto que considera que dita Ordenanza puido levarse a Comisión Informativa.

De seguido procédese a votación para a ratificación da urxencia da moción, resultando ratificada por maioría absoluta, cos votos a prol dos membros dos grupos municipais do PSOE (5) e do BNG (2), e a abstención dos membros do grupo municipal do PP (5).

O Presidente pregunta si se quere abrir unha quenda ao que se lle resposta que non.

De seguido dáse paso a votación, quedando aprobado por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSOE (5 votos) e do BNG (2 votos), e a abstención dos membros do grupo municipal do PP (6 votos), o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobación inicial da ordenanza reguladora dos prezos públicos por a prestación do servizo de axuda no fogar.

SEGUNDO.- Exposición pública de dita Ordenanza aos efectos de reclamacións mediante a súa publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello establecendo un prazo de trinta días a partir da publicación no diario oficial da provincia.”

Polo Alcalde-Presidente preséntase unha segunda Moción de Urgencia co obxecto de ratificar no Pleno do Concello os Convenios en materia de persoal aos que se chegou coa Mancomunidade de Concellos do Ribeiro.

O Presidente procede a xustificar a urxencia indicando que en base a saída da Mancomunidade chegouse a un acordo entre o Concello e ela para o traspaso do persoal, se ben, a asistente social manifestou a súa vontade de seguir sendo traballadora da Mancomunidade ao que non se lle fixo ningún reparo por parte do Concello de Ribadavia. Explica que os Convenios son dous:

-Un deles no que se acorda o seguinte:

Primeiro.- O Concello de Ribadavia, por medio do seu Alcalde-Presidente renuncia á reversión ao mesmo da asistente social dona María Dolores Prado Domínguez, segundo establecía o acordo plenario do propio concello do 25 de setembro de 1989, ao considerar beneficioso para a entidade local asumir a xestión do servizo social de base sen ningún tipo de condicionantes iniciais.

Segundo.- A Mancomunidade I.V. do Ribeiro, por medio do seu Presidente renuncia á reversión da citada traballadora ao Concello de Ribadavia, aceptando pase á categoría de persoal laboral da plantilla de persoal da Mancomunidade, coas funcións de asistente social, con efectos do 1 de abril de 2006.

Terceiro.- Ámbalas dúas partes, dado os acordos plenarios existentes, comprométese a ratificar o presente convenio e as súas cláusulas mediante sendos acordos dos plenos da Mancomunidade I.V. do Ribeiro e concello de Ribadavia, sen os cales non surtirá cheos efectos o presente convenio.

Cuarto.- Ao existir dereitos por parte da traballadora María Dolores Prado Domínguez, como anexo I ao presente Convenio, acompáñase declaración da mesma aceptando, na súa integridade, as cláusulas do presente convenio, renunciando expresamente a calquera dereito que lle puidera corresponder en virtude dos acordos anteriores en materia de reversión da traballadora, e aos que renuncia na súa totalidade.

-Un segundo no que se acorda o seguinte:

Primeiro.- Que a Mancomunidade I.V. do Ribeiro permite o tras paso das traballadoras da entidade adscritas ao servizo de axuda no fogar, e que prestan os servizos no municipio de Ribadavia, con contratos laborais e data de finalización do 31 de decembro de 2006, á plantilla de persoal do concello de Ribadavia, e con efectos do 1 de abril de 2006.

Segunda.- O concello de Ribadavia subrógase nos contratos laborais das traballadoras que de seguido se relacionan, así como nos seus dereitos económicos e sociais en vigor, para o que se fará entrega ao Concello, por parte da Mancomunidade, de copia dos contratos laborais, última nómina, calendario de vacacións, e vida laboral de cada traballador.

Terceiro.- A Mancomunidade I.V. do Ribeiro será a destinataria de calquera reclamación contractual dos traballadores ata o 31 de marzo de 2006, sendo o concello de Ribadavia o destinatario das posibles a partires do 1 de abril de 2006.

Cuarto.- En proba de conformidade, as traballadoras que de seguido se relacionan aceptan os acordos recollidos no presente documento na súa integridade,

pasando a formar parte da plantilla de persoal do Concello de Ribadavia, en as condicións establecidas no contrato formalizado. (A continuación recóllense os nomes das empregadas de cuxo contrato se subroga e a súa aceptación de dita subrogación).

O Presidente tamén da conta doutro dos traballadores que reverterá ao Concello e que se atopa de baixa por enfermidade común, don José Ramón Pazos Cruz, coa categoría profesional de condutor.

De seguido procédese á votación da ratificación da urxencia, resultando ratificada por maioría absoluta, cos votos a prol dos membros dos grupos municipais do PSOE (5) e do BNG (2), e a abstención dos membros do grupo municipal do PP (5), pola mesma razón que na moción anterior.

O Presidente pregunta si se quere abrir unha quenda ao que se lle resposta que non.

De seguido dáse paso a votación, quedando ratificados os Convenios por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSOE (5 votos) e do BNG (2 votos), e a abstención dos membros do grupo municipal do PP (6 votos).

Polo Alcalde-Presidente preséntase unha terceira moción para a ratificación polo Pleno do Convenio de adhesión do Concello de Ribadavia ao Convenio Marco asinado e firmado entre ECOEMBES e a Comunidade Autónoma de Galiza.

O Presidente procede a xustificar a urxencia en base de novo a saída da Mancomunidade, que motivou a necesidade de negociar coa Xunta de Galiza e denunciar o contrato suscrito pola Mancomunidade e por elo preséntase o Convenio de ECOEMBES para a recollida de papel, cartón e envases de plástico.

De seguido procédese á votación da ratificación da urxencia, resultando ratificada por maioría absoluta, cos votos a prol dos membros dos grupos municipais do PSOE (5) e do BNG (2), e a abstención dos membros do grupo municipal do PP (5).

O Presidente pregunta si se quere abrir unha quenda ao que se lle resposta que non.

De seguido dáse paso a votación, quedando ratificado o Convenio de Adhesión do concello de Ribadavia ao Convenio marco asinado entre ECOEMBES e a Comunidade Autónoma de Galiza por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSOE (5 votos) e do BNG (2 votos), e a abstención dos membros do grupo municipal do PP (6 votos).

Polo Alcalde-Presidente preséntase unha cuarta moción de urxencia que ven avalada polas organizacións Profesionais agrarias-UPA, Sindicato Labrego Galego e Xóvenes Agricultores, e na que se solicita a adopción dos seguintes acordos:

- a) De apoio institucional á mobilización convocada polas organizacións asinantes e á que se refire o presente escrito.
- b) De difusión pública da convocatoria a fin de facilitar o coñecemento e participación dos veciños dese Concello nas mobilizacións que terán lugar o día 10 de abril en Ribadavia as 12 da mañá.

- c) Dar traslado do presente acordo ás administracións autonómica e estatal, instándooas a adoptar medidas encamiñadas á resolución do presente conflito.

Xustifícase a urxencia na presentación de dita moción o día 30 de marzo e na necesidade de adoptar o acordo de apoio antes das mobilizacións.

De seguido procédese á votación da urxencia quedando ratificada por unanimidade de todos os grupos municipais.

Polo Presidente ábrese unha quenda, tomando a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, quen manifesta que dende hai anos e a primeira vez que tres sindicatos van xuntos a unha mobilización. Este goberno tivo o acerto de escoitalos nas negociacións das mesas do viño. Coa Consellería de Medio Rural chegouse a un acordo, e manifesta que aqueles que teñen a mellor situación económica e que deron a palabra de cumprir os acordos e pagar o prezo, son os primeiros que os incumpren. Manifesta que temos unha casa empresarial que non se atopa as alturas das circunstancias. Conclúe dicindo que dende o seu grupo pedírase á Xunta e á Consellería que sexan contundentes coas empresas que asumen compromisos e non os cumpren e pedírase que miren polo cumprimento das condicións de traballo na comarca e non se lle dean subvencións a aqueles que incumpren os seus compromisos.

Polo portavoz do grupo municipal do PP, con Celso Sotelo Barroso, ponde se manifesto o apoio do seu grupo aos viticultores do Ribeiro, e sinala que é lamentable que a administración pública sente a unha mesa a bodegueiros, viticultores e empresarios e se chegue a acordos que non se plasman por escrito, e conclúe pedindo que as autoridades tomen medidas.

O Alcalde toma a palabra para sinalar que os políticos so poden facer presión en uso da representatividade que lles outorga o pobo, e pide a colaboración na elaboración dun manifesto coa conformidade e sinatura dos Concellos ou Corporacións. Conclúe dicindo que se trata de apoiar ao “motor do Ribeiro”.

De seguido procédese á votación quedando aprobado por unanimidade de todos os grupos municipais da Corporación o seguinte acordo:

“Primeiro.- O apoio institucional á mobilización convocada polas organizacións Profesionais agrarias-UPA, Sindicato Labrego Galego e Xóvenes Agricultores motivada polo incumprimento das adegas do acordo de prezos acadado na mesa do Viño celebrada na delegación de Medio Rural de Ourense no mes de setembro.

Segundo.- A difusión pública da convocatoria a fin de facilitar o coñecemento e participación dos veciños dese Concello nas mobilizacións que terán lugar o día 10 de abril en Ribadavia as 12 da mañá.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ás administracións autonómica e estatal, instándooas a adoptar medidas encamiñadas á resolución do presente conflito.”

O Presidente pregunta se existe algún rogo ou pregunta que formular ao que se lle resposta que si.

Polo Portavoz do grupo municipal do BNG, don Francisco Xabier Carreira Sebio, aproveitase para manifestar dende o seu grupo a satisfacción respecto ao traballo realizado pola Secretaría e deséxalle sorte alí a onde vaia.

O Portavoz do grupo municipal do PP pon de manifesto que o seu grupo súmase á declaración feita polo Portavoz do grupo municipal do BNG, cos seus mellores desexos para a secretaría no seu novo posto.

Polo Portavoz do grupo municipal do PP formúlanse os seguintes:

1.- Pregunta si se van a adoptar medidas respecto a páxina en internet.

A Presidencia sinala que non se debe dramatizar posto que esa páxina esta na liña sarcástica e cómica.

2.- Roga se analice a potabilidade da auga das fontes públicas sobre todo tras as recentes choivas.

3.- Roga se adopten medidas para que non se peche o Museo Etnolóxico como sucedeu fai pouco.

4.- Roga se tomen medidas respecto ao charco na Estrada de Foz polo perigo que o mesmo supón.

5.- Pregunta por que este ano non se lle comentaron á oposición as xestións feitas para a Feira do Viño.

Polo Concelleiro do grupo municipal do PSOE, don Javier Iglesias Sendín, sinalase que para a feira hai apuntadas 20 adegas, e entre bodegas e colleiteiros son 11 os que van a Madrid.

6.- Pregunta si se fará algo en Semana Santa.

7.- Pregunta por que este ano non se invitou a toda a Corporación para a presentación do cartel da Feira do Viño como se facía outros anos.

Concluído o anterior, ás once da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

